

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA  
CELEBRADA O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2013**

<b>ASISTENTES</b>	
	<b>GRUPO POLÍTICO</b>
<b>ALCALDE:</b>	
D. José Fervenza Costas	PP
<b>CONCELLEIROS/AS:</b>	
D <sup>a</sup> . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D <sup>a</sup> . María Colomba López Freire	PP
D <sup>a</sup> . Rosa Solla Veiga	PP
D <sup>a</sup> . María del Carmen Maya Santomé	PP
D <sup>a</sup> . Raquel Carro Sequeiros	PP
D <sup>a</sup> . María del Carmen Regueira Fernández	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D <sup>a</sup> . María Martínez Nogueira	BNG
D <sup>a</sup> . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D <sup>a</sup> . María Libertad Cruz Couso	BNG
D <sup>a</sup> . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D <sup>a</sup> . Coral Ríos Santomé	BNG
D <sup>a</sup> . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
<b>SECRETARIO:</b>	
D. Adamantino Barreiro García	
<b>AUSENTES:</b>	

En Moaña, o 27 de decembro de 2013, xoves, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

**ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2º.- Resolúcións da Alcaldía
- 3º.- Información sobre a *Mesa de Asesoramento aos afectados pola emisión de obrigacións preferentes e subordinadas de*

- Novagalicia Banco*
- 4º.- Aprobación, se procede, de pregos para a concesión demanial das instalacións turísticas e deportivas do complexo hostaleiro e deportivo do Beque
  - 5º.- Aprobación, se procede da Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Moaña e do prezo público derivado do mesmo
  - 6º.- Convenio SOGAMA
  - 7º.- Moción da Asociación pola Defensa da Ría (APDR) sobre o proxecto de Lei xeral de telecomunicacións.
  - 8º.- Moción do grupo municipal do PSG-PSOE sobre modificación de criterios no pago das taxas e impostos.
  - 9º.- Moción do grupo municipal do BNG sobre subministro eléctrico.
  - 10º.- Moción da Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública de Moaña sobre Centro de Saúde de Sisalde.
  - 11º.- Rogos e preguntas

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

O Sr. presidente dá conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 28 de novembro de 2013, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta.

Intervén dona Coral Ríos, quen indica que no punto 12 da orde do día, relativo á moción do grupo municipal do BNG contra a suba do canon do SOGAMA, na páxina 19, dixo que: "levades máis de dous anos e non coñecedes o regulamento". Pide que se incorpore as ditas verbas. Pide así mesmo desculpas polas súas verbas, que figuran na acta.

Sometido o borrador da acta a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezasete membros presentes

que compoñen a Corporación, a acta correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 28 de novembro de 2013, introducindo a seguinte modificación no punto 12 da orde do día, páxina 19,: dona Coral Ríos indica: "levades máis de dous anos e non coñecedes o regulamento".

## **2º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre o 26/11/2013 e o 20/12/2013.

O Pleno da Corporación dáse por informado.

➤ Intervén don Xosé Manuel Millán quen indica que existen dúas resolucións co mesmo número 452 e pide explicacións sobre o seu contido.

➤ Sr. Alcalde explica que a resolución é a referente a uns tótems de sinalización que se van instalar polo Concello subvencionados pola Xunta de Galicia.

➤ O Sr. Xosé Manuel Millán indica que lle interesa que se aclare o punto cuarto, relativo á aprobación da conta xustificativa. É dicir, vostede aprobou a factura.

➤ O Sr. Alcalde indica que os sinais están sen colocar porque faltan os permisos de Cultura. Tamén modificaron o deseño e agora é en branco e negro.

➤ O Sr. Xosé Manuel Millán sinala que hai reparo á aprobación da factura.

➤ O Sr. Alcalde indica que aínda non se pagou a factura, e falará coa interventora. Recalca que a factura non se pagou, e mentres non estea o material colocado non se pagará. Os sinais están na nave de Servizos.

➤ O Sr. Xosé Manuel Millán recalca que vostede aprobou unha factura a una empresa antes de que cumprise o servizo.

➤ O Sr. Alcalde recalca que o material está na nave de Servizos.

➤ O Sr. Xosé Manuel Millán indica que o 12/12/2013 vostede di que se cumpriu a finalidade, pero era un subministro e colocación. A interventora di que lle debemos á empresa 39.000 €, 4.800 € por cada tótem.

➤ O Sr. Alcalde indica que non pagaremos nada sen que estean colocados os sinais.

➤ O Sr. Xosé Manuel Millán indica que vostede mandou un papel dicindo que se cumpriu a finalidade da subvención.

➤ O Sr. Alcalde indica que faltan autorizacións de organismos.

➤ O Sr. Xosé Manuel Millán sinala que aínda están entregando o material. Cando hai seis anos, nós encontrámonos nunha situación similar, vostede foi ao fiscal. Vostede non se acorda, falsidade en documento público. Vostede non ten informe técnico que acredite que o material foi entregado.

➤ O Sr. Alcalde sinala que non pagaremos nada mentres non se coloquen os sinais.

➤ O Sr. Xosé Manuel Millán indica que respecto aos cartos, 4800 €. de paneis parécenlle excesivos. Por menos vostede levou á fiscalía o Alcalde porque levara o parque infantil para casa. Esta non é a maneira de facer as cousas.

## **3º.- INFORMACIÓN SOBRE A MESA DE ASESORAMENTO AOS AFECTADOS POLA EMISIÓN DE OBRIGACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS DE NOVAGALICIA BANCO**

➤ Sr. Alcalde indica que se reuniron os tres Grupos da Corporación e decidimos remitir escritos á Consellería de Xustiza, Industria, ao Presidente da Xunta de Galicia, e a Justicia. Tamén se falou dunha entrevista co responsable de Novagalicia Banco e indicáronnos que cambiou o representante don José Manuel Fernández que se trasladou a unha nova dirección e dixéronnos que nuns días nos chamarán. Destaca que o presidente de Banesco, adxudicatario do Banco, dixo que en 90 días daría unha solución.

➤ Intervén unha persoa do público, quen indica que estamos nun momentos de incerteza. O sr. José Manuel Fernández Fernández non nos serviu dende hai meses e queremos falar con persoas de maior xerarquía. Mañá a plataforma reúnese en Santiago de Compostela. Non din como se resolverá en 90 días e ninguén nos di nada. Queremos unha reunión para explicar como se resolverá. Queremos que nos reciban os responsables do novo banco.

➤ Don Odilo Barreiro mostra a súa decepción pola venda de Novagaliciabanco e pide paralizar a venda do banco e que se declare sistémica como Bankia. Sinala que está vendida con moita celeridade e o prazo remataba o 31/12/2016, e non obstante véndese tres anos antes, e algo cheira a podre. Presentamos un escrito a fiscalía porque véndese por mil millóns e con todo investíronse nove mil millóns que non se recuperan. Tampouco se recolle a obriga de devolver os cartos das obrigacións preferentes e subordinadas. Cando se lles reclame dirán que é un problema dos novos propietarios, hai moitos casos abertos, pero non se solucionaron. Mostra o malestar no BNG co Alcalde porque non cumpriu cos acordos adoptados nin cos escritos como presidente da Mesa. Danse pasos que descargan nos asesores xurídicos, pero cando é remitir escritos contra o PP, o Sr. Alcalde non fai nada e pasa.

➤ Sr. Alcalde sinala que falta á verdade, ao saír da Comisión fíxose un escrito de puño e letra que o teño aquí.

➤ Sr. Odilo Barreiro sinala que era un escrito para a xustiza gratuíta.

➤ Sr. Alcalde indica que despois da reunión mandei o escrito. Un escrito era do asesor o outro meu.

➤ Don Odilo Barreiro pide o escrito con selo de saída pedindo a paralización da venda de Novagaliciabanco. Insiste en que na reunión cos representastes dos afectados vostede, Sr. Alcalde, quedou de transmitir esas decisións e vostede dixo que só solicitou modificar as causas de xustiza gratuíta. Iso si o recibín. Pero o escrito de carácter político non tiña cabida na xurisprudencia e tiñan unha vía política.

➤ O Sr. Alcalde pídelles que se lea o escrito.

➤ Unha persoa do público indica que dende a plataforma queremos conseguir unha entrevista, una reunión urxente cos novos responsables de Novagaliciabanco.

➤ O Sr. Alcalde indica que está na man dos responsables da entidade a reunión, pero podemos intentar falar co presidente.

#### **4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PREGOS PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DAS INSTALACIÓNS TURÍSTICAS E DEPORTIVAS DO COMPLEXO HOSTALEIRO E DEPORTIVO DO BEQUE**

O asunto foi ditaminado na Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego da data 23/12/2013.

O Sr. Alcalde dá lectura á súa proposta que literalmente di:

*O Concello de Moaña é titular do complexo hostaleiro e deportivo do Beque e figura no seu Inventario de bens como "Solar do Beque", e ten natureza do dominio: uso público.*

*O secretario da Corporación emitiu un informe que sinala, respecto as instalacións do complexo hostaleiro e deportivo do Beque, a posibilidade de realizar un **contrato de xestión de servizo público** ou ben unha*

**concesión demanial** dun ben do dominio público. Esta última parece ser a opción máis vantaxosa para o Concello, xa que ten como vantaxes que non inclúen a obrigaón do mantemento do equilibrio financeiro do contrato en caso de non evolucionar a demanda como se esperaba, nin caben os posibles problemas da sucesión de empresa, cuestións ambas que poden ser financeiramente moi gravosas para a economía municipal.

Por tal motivo, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para o outorgamento, por concurso, da concesión demanial das instalacións turísticas e deportivas do complexo hostaleiro e deportivo do Beque do Concello de Moaña.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente, e dispendo a apertura do procedemento de adxudicación, e a convocatoria da licitación, que se anunciará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante do Concello de Moaña, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES.

➤ Intervén don Xosé Manuel Millán quen indica que vai solicitar a retiradas do punto da orde do día e que se quede sobre a mesa. Despois de dous anos e medio deste goberno, agora nun mes fanse as cousas con todos os informes. É moi importante a entrega dun ben demanial e neste caso hai informes desfavorables de Intervención. Fanse as cousas a trancas e barrancas e por fin aparecen os pregos. Entregóusenos a semana pasada. Faise unha valoración do aparelador municipal cando se ditaminou na Comisión. No informe do secretario di que o expediente non está completo, falla unha detallada valoración dos bens. Onte inclúese unha documentación máis detallada na que se describen os bens do Beque e valóranse en 779.000 €. E iso faise o xoves. Onte entrégaselle á Intervención o expediente, un día antes, e pon reparo mentres non se incorpore a documentación que falta sobre a valoración desta concesión demanial e que se xustifique o prezo da licitación que é de 4800 € o que supón o 0,61% do valor e ten que superar o 6%. E un valor menor que o que marca a lei. Diso depende o aval, polo tanto é importante para o aval. Débese pedir seguridade xurídica, é un ben propiedade do Concello de Moaña e podemos meter a pata. Cre que o informe técnico non é detallado e faltan elementos do Beque que non figuran e non está xustificando nin o prezo nin o canon que se pide. Son irregularidades graves e tense que levantar o reparo e superar a irregularidade e o que non podemos ante estas fallas é darlle para adiante. Haberá que pedir que os técnicos completen. Pide que se retire o punto da orde do día.

➤ Intervén o Sr. Alcalde quen indica que non o ven tan negro. Pódense corrixir os erros. Levamos máis de dous anos e todos andamos apurados, pero fíxose o traballo. Jorge pediu a colaboración de todos para a súa aprobación e agora é o momento de debater. Hai erros que se poden corrixir. Pero hai que poñer en marcha as instalacións e crear traballo.

➤ Dona Marta Freire pregunta ao secretario da Corporación cándo se deben corrixir os erros.

➤ O secretario responde que se debe facer antes da súa aprobación.

➤ Dona Marta Freire sinala que apoia a retirada.

➤ Don Xosé Manuel Millán indica ao Sr. Alcalde que vostede lía as cousas. Vista a documentación do expediente, a Intervención di que o canon supón o 0,61% e fai falla unha memoria económica, se non sería prevaricación contra as advertencias que lle di a Intervención. E fai un reparo que hai que levantar. É unha decisión sobre un ben que ten un valor de 778.000 € e será para os próximos oito anos e, se se desvaloriza, é pola súa falla de coidados. Retire o asunto e traíao en xaneiro.

➤ Don Jorge Santomé manifesta que quere que vaia para adiante e se non colaborades e non van á reunión non vai. As porcentaxes se son moi altas, non as vai coller ninguén. Antes era un cámping e agora é un albergue que pode abrir todo o ano. Agora vai ser unha concesión demanial e agora os obreiros non os temos que cargar. Crearíanse postos de traballo. O Beque custáballe cartos ao Concello e agora faulle falla os oito anos porque se lle permiten facer obras a maiores. Pídeselle aval e ponse en valor, non creo que iso sexa prevaricar. Se non vai adiante, esperemos que a partir da semana que vén se reúnan.

➤ Don Xosé Manuel Millán indica que o fixo rápido, é mellor esperar un mes máis xa que tes un

expediente con deficiencias, non tes nin o prezo das cousas. Sen saber o que valía ías cedelo, e se o queres dar barato fala coa interventora, e que non nos traia responsabilidades.

- Dona Marta Freire indica que no debate mostrouse a favor pero, se no procedemento ten deficiencias, é mellor pospoñelo.
- Dona María Martínez indica que non nos pediron que nos reunísemos cos funcionarios.
- O Sr. Alcalde indica que intentará ter o maior consenso e traelo ao próximo Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda retirar o expediente sobre a aprobación dos pregos para a concesión demanial das instalacións turísticas e deportivas do complexo hostaleiro e deportivo do Beque.

#### **5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MOAÑA E DO PREZO PÚBLICO DERIVADO DO MESMO**

O asunto foi ditaminado na Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego da data 23/12/2013.

O Sr. Alcalde dá lectura á Proposta da Alcaldía sobre a aprobación da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Moaña e o prezo público derivado desta, que literalmente di:

*Coa data 20/11/2013, a traballadora social colexiada nº 181, emite informe do servizo social de atención primaria para a aprobación polo Pleno do Concello de Moaña, dunha nova Ordenanza reguladora do servizo de axuda no Fogar do Concello de Moaña. O documento foi supervisado e corrixido polo equipo de inspección da Xunta de Galicia.*

*Con anterioridade, a Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar vixente foi aprobada polo Concello Pleno na data 2/06/2009, BOP nº 191 de 02/10/2009.*

*Por tal motivo, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

**PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Moaña nos termos expostos.**

**SEGUNDO.- Someter a citada ordenanza á información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante publicación do anuncio e texto no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia e diario provincial, para os efectos de que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.**

*Moaña, 20 de decembro de 2013*

- Intervén dona María del Carmen Maya quen indica que a nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar foi supervisada pola Xunta de Galicia e destaca a súa importancia.
- Don Xosé Manuel Millán fai referencia á contía económica que di a Intervención.
- Dona Marta Freire sinala que non tivo coñecemento da ordenanza ata o Pleno. Considera unha chantaxe da Xunta xa que, se non se aproba, quedamos sen subvención. Quere un estudo da situación real que afecta aos veciños de Moaña. Indica que o Sr. Alcalde antes dicía que o prezo máximo serían seis euros e medio a gora vai a once e pico. Polo tanto, non apoia a aprobación desta ordenanza.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por quince votos a favor, os do Partido Popular e BNG e coa abstención dos dous concelleiros do PS de G-PSOE, acorda:

**PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de**

Moaña nos termos expostos.

SEGUNDO.- Someter a citada ordenanza á información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante publicación do anuncio e texto no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia e diario provincial, para os efectos de que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

## **ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MOAÑA E DO PREZO DERIVADO DESTA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia establece, no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, **dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente**, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia, e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Moaña, de conformidade co marco normativo ao que se fixo referencia que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

### **CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Artigo 1º.- Obxecto**

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Moaña.

#### **Artigo 2º.- Ámbito de aplicación**

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no Concello de Moaña.

### **Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo**

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

### **Artigo 4º.- Contido do servizo**

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- I. Asistencia para levantarse e deitarse.
- II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
- VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
  - b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:
    - I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
  - II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
    - c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
      - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
      - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
      - III. Preparación dos alimentos.
      - IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
      - V. Apoio á unidade familiar.
      - VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estrutura familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para prever, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- d. Adaptacións funcionais do fogar.

- e. Servizo de podoloxía.
  - f. Servizo de fisioterapia.
3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.
4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.
5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:
- a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
  - b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

#### **Artigo 5º.- Persoas destinatarias**

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.
2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

#### **Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- 2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
- 3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
- 4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
- 5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
- 6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- 7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- 8. A coñeceren a situación do seu expediente.
- 9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
- 10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
- 11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

#### **Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

- 1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
- 2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
- 3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal



ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

#### **Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo**

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

a. A renuncia da persoa usuaria.

b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

b. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

c. Falecemento da persoa usuaria.

d. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

e. A falta reiterada de pagamento do servizo.

f. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán modificarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

#### **Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo**

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

## **CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

### **SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS**

#### **Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo**

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Moaña ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente

autorizadas.

### **Artigo 11º.- Requisitos específicos**

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomado/a universitario/a na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión, revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Moaña e, de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo persoal técnico responsable, segundo o anexo II desta ordenanza.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Moaña e a persoa usuaria, segundo o anexo III desta ordenanza.
- d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## **SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

### **Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento**

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o Concello de Moaña, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do

profesional de referencia, resolverase en réxime de libre concorrancia, segundo o seguinte procedemento: **(de modo orientativo)**

a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- III. Certificado de convivencia.
- IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
- V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.
- VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo/a traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias; no caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido para tal fin, segundo anexo IV

c. O Departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, esta proposta terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe - proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación que o orixinou. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).

f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade deste. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

#### **Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo**

1. O prazo de alta no servizo será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrancia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas que haxa que desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo II desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas para desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas que haxa que desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

#### **Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo**

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo Departamento de Servizos Sociais do concello.

#### **Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.**

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

#### **Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen co - pagamento**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

**Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar**

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas para os efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (en referencia ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que haxa que pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder do 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias,

aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (en referencia ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

#### Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

2.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM - maior de 0,80 e menor ou igual a 1 - maior de 1 e menor ou igual a 1,50	10% 20%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	30%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 IPREM	60%

3. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

4. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos**

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Moaña, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

#### **Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos**

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

#### **Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

#### **Artigo 22º.- PREZO PÚBLICO**

O prezo público referido a unha hora de prestación do servizo virá determinado pola contía que para o Concello supoña unha hora ordinaria do servizo prestado, con IVE engadido.

O prezo por hora de custo do servizo será o que resulte da aplicación co contrato administrativo de xestión do servizo público de axuda no fogar. (Na actualidade o importe do custo do servizo de axuda no fogar é de 11,05 €+ IVE).

A cota mensual que ten que pagar cada usuario/a será a resultante da aplicación das táboas incluídas, nos artigos 17 e 18 da presente ordenanza, segundo o réxime do servizo.

#### **Artigo 23º. - Nacemento da obriga de pago**

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.
2. Por parte do Concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, para que a persoa usuaria efectúe o pagamento por calquera dos medios legalmente recoñecidos.

#### **Artigo 24º. - Infraccións e sancións**

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora e a Orde reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Moaña, publicada no BOP nº 191, do 2 de outubro de 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria a esta.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

ANEXO I-

ANEXO II-  
ANEXO III-  
ANEXO IV.

## **6º.- CONVENIO SOGAMA**

O asunto foi ditaminado na Comisión Informativa Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego da data 23/12/2013.

O Sr. Alcalde dá lectura a súa proposta que literalmente di:

1.- *Con data 13/12/2013, rexistro de entrada nº 9080, a Mancomunidade do Morrazo remite notificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno da dita entidade da data 04/12/2013 no que se aprobou o borrador do convenio de colaboración entre a Mancomunidade de Concellos do Morrazo e os Concellos de Bueu, Cangas, Moaña e SOGAMA.*

2.- *Con anterioridade, na data 25/05/2004, a Mancomunidade do Morrazo subscribiu un contrato entre a dita entidade e SOGAMA para o tratamento dos residuos urbanos procedentes da recollida ordinaria da Mancomunidade. En virtude do dito contrato, SOGAMA encargaríase da xestión de todos os residuos urbanos procedentes da recollida da Mancomunidade, fixándose nese contrato as condicións e importe que a Mancomunidade satisfaría mensualmente pola dita xestión a SOGAMA.*

3.- *Ante a falla de pago a SOGAMA, durante a substanciación das correspondentes actuacións xudiciais, asinou un convenio de pago de débedas pendente, coa data 21/02/2007. Con posterioridade SOGAMA, reclamou xudicialmente o pago da débeda en sede xudicial, estando pendente de incidentes de execución de sentenza.*

4.- *A Mancomunidade solicitou a inclusión das obrigas no mecanismo do RDL 8/2013. A Mancomunidade acordou o plan de pagos coa data 23/09/2013.*

5.- *Preténdese agora un novo Convenio con SOGAMA formalizado cos concellos integrantes da Mancomunidade, pagando cada Concello, en porcentaxe de participación que se acordou, o custo do servizo de tratamento, transporte, xestión e valoración.*

*Por tal motivo, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

***Aprobar o borrador do Convenio de colaboración entre a Mancomunidade de Concellos do Morrazo e os Concellos de Bueu, Cangas, Moaña e SOGAMA, segundo consta no acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Mancomunidade do Morrazo adoptado na data 04/12/2013, asumindo as obrigas que nel recollen.***

➤ Intervén don Xosé Manuel Millán, quen indica que o BNG vai votar en contra por dúas razóns, internas á Mancomunidade e as propias de Sogama. Moaña non ten competencia para asinar o convenio só. Cedéronse as competencias á Mancomunidade e agora tráenos un contrato con Sogama de tratamento e eliminación, e o Concello non pode asinalo. Se se fai así, cometeremos unha fraude cos veciños que pagan a tarifa cunha ordenanza fiscal, e con ela págase a SOGAMA, a recollida, tratamento e eliminación, toda a vida dos residuos. Agora Moaña vai pagar a maiores o tratamento e transporte. Pagaremos dúas veces polo mesmo servizo. En Cangas cubríronse as costas incluíndo unha taxa medioambiental. Pero vostede non fixo esa previsión e agora propón aprobar un contrato para o que non temos competencia. A intervención carece de crédito para o pago do contrato, xa que non é do capítulo 9 senón do 3. Se vostede non modifica o orzamento, o contrato non ten soporte orzamentario. E vostede quere asinar un contrato sen cobertura orzamentaria, e o contrato non di nada, canto produce, nin canto se vai pagar por tonelada. Acumuláronse débedas con SOGAMA e agora a Mancomunidade non o pagará. No Pleno do mes pasado pronunciámonos en contra da subida do canon de SOGAMA.



- O Sr. Alcalde sinala que están mandando aínda as de 2007 e 2008, van por orde.
- Don Xosé Manuel Millán sinala que estamos en contra da subida do canon e máis de cen concellos están de acordo. SOGAMA é un roubo. Son asaltadores a man armada. Son uns atracadores tanto SOGAMA como FENOSA, que participa en SOGAMA. É un roubo. Debería moverse o Sr. Alcalde polo ben dos veciños de Moaña, e non se preocupe polos intereses do PP. E non diga que vai quedar o lixo na porta da casa. Vostede debería enfrontarse a SOGAMA.
- Dona Marta Freire indica que xa reclamou na Xunta da Mancomunidade que debe haber un contrato previo. Na Mancomunidade abstivémonos porque non coñecemos as condicións do contrato e sería atarse economicamente e vostede é o único responsable de que non teñamos crédito para pagar as facturas.
- Don Xosé Manuel Millán indica que vostede ten un pacto co PSOE. Moitos alcaldes e agora o PSOE están dispostos a asinar o contrato. Déixanos asombrados. Isto xerará facturas, pero é moi libre de aliarse con quen sexa. O contrato débese facer con quen ten competencias que é a Mancomunidade, e cada un é responsable de seus actos. É unha sorpresa, e vostede un gran negociador.
- Dona Marta Freire sinala que non quere debater co BNG. Nós abstivémonos na Mancomunidade. Isto é o mesmo que defende o PSOE de Galicia. Nós non pactamos, nós absterémonos. Hai que buscar alternativas a SOGAMA, e estamos en contra da subida do canon. Se hai alternativa, que o diga.
- Don Xosé Manuel Millán indica que a responsabilidade e o seguinte, cando traia a modificación de créditos, terá que votar a favor. Non se é responsable ata un punto. Despois non se pode facer o tolo. Son vostedes responsables dende o principio ata o final.
- Dona Marta Freire indica que a responsabilidade a ten o PSOE. Nós non tragaremos con calquera modificación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por nove votos a favor, os do PP, oito en contra, os do BNG, e dúas abstencións do PS de G-PSOE, acorda:

***Aprobar o borrador do Convenio de colaboración entre a Mancomunidade de Concellos do Morrazo e os Concellos de Bueu, Cangas, Moaña e SOGAMA, segundo consta no acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Mancomunidade do Morrazo adoptado na data 04/12/2013, asumindo as obrigas que nel recollen.***

## **7º.- MOCIÓN DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA (APDR) SOBRE O PROXECTO DE LEI XERAL DE TELECOMUNICACIÓNS**

Dáse conta da moción presentada pola Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), que literalmente di:

*Julio Carmona Barros con DM 50044192X, en nome da xunta directiva da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) con enderezo a efectos de notificacións: Rúa Michelena nº 3 1º B (Pontevedra) e enderezo electrónico: apdr@apdr.info*

**EXPÓN:**

*O goberno español presentou un novo proxecto de Lei Xeral de Telecomunicacións, publicado o 27 de setembro de 2013 no Boletín oficial do Congreso dos Deputados. O proxecto non ten en conta as recomendacións da Resolución 1815 de malo de 2011 da Asemblea Parlamentar do Consello de Europa aos seus estados membros polo risco potencial para a saúde dos efectos biolóxicos non térmicos dos campos electromagnéticos “en niveis inferiores aos limiares oficiais”, recentraliza as competencias propias da Xunta de Galicia e dos concellos galegos e prima a ocupación do dominio público polas teleoperadoras nos procedementos de expropiación forzosa e nas limitacións da propiedade.*

*En nome da competencia exclusiva, este proxecto somete directamente o despregue de redes públicas de comunicacións electrónicas ás disposicións estatais, elimina a competencia municipal para outorgar licenzas (perdendo o estudo da avaliación ambiental) e as competencias municipais e autonómicas no eido das telecomunicacións (medio ambiente, ordenación urbana e territorial e saúde pública), e desprotexe xuridicamente en materia de saúde e consumo non aplica o principio de precaución (recoñecido no art. 3 da Lei 33/2011 Xeral de Saúde Pública) e deixa en mans privadas e intereses comerciais as consideracións relativas á expropiación forzosa e as infraccións graves.*

*Diferentes sentenzas do Tribunal Supremo xa recoñeceron (senón supón inseguridade xurídica ou facultade omnímoda) a competencia municipal de protección sanitaria á poboación para reducir niveis de exposición aos campos electromagnéticos, establecendo medidas adicionais de protección ás establecidas no Real Decreto 1066/2001 (fixando limiares de exposición menores e espazos protexidos no planeamento urbanístico). A perda destas competencias, entre outras, cuestionaría a capacidade municipal e autonómica na aplicación das recomendacións protectoras da saúde e do medio ambiente da citada Resolución 1815 do Consello de Europa na liña de emprender “todas as medidas razoables” para reducir a exposición aos campos electromagnéticos, “e en particular a exposición da infancia e mocidade, para quen o risco de tumores da cabeza parece maior”.*

*O proxecto de lei limita a competencia autonómica e municipal a un papel subsidiario coa realización de informes non vinculantes, papel similar ao do interesado nun procedemento administrativo, tanto nos procesos de expropiación forzosa (art. 29 do proxecto presentado) como para impor obrigatoriamente localizacións compartidas de infraestruturas e recursos asociados e a utilización do dominio público ou a propiedade privada) nun procedemento que se fixará regulamentariamente por Real Decreto, residenciando a competencia exclusivamente no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, resolvendo, no caso de conflito, a Comisión Estatal dos Mercados e a Competencia (art. 32 do proxecto).*

*Por todo o exposto a Asociación Pola Defensa da Ría, membro da Federación Ecoloxista Galega e da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética.*

*SOLICITA: a inclusión no próximo Pleno Ordinario da seguinte MOCIÓN:*

*Elaborar un informe xurídico sobre a situación en que quedan as competencias municipais na materia no proxecto de Lei Xeral de Telecomunicacións,*

*Iniciar unha campaña informativa sobre as consecuencias que tería na cidadanía do Concello a aprobación do proxecto de Lei Xeral de Telecomunicacións para os seus intereses, o exercicio dos seus dereitos e a protección da saúde.*

*Impulsar unha campaña de concienciación dentro da Axenda 21 escolar polo uso moderado e racional de teléfonos móbiles entre as nenas e nenos, na uña proposta pola Asemblea Parlamentar do Consello de Europa, alertando dos riscos específicos do uso precoz, indiscriminado, prolongado e inadecuado dos teléfonos móbiles e doutros dispositivos emisores de microondas.*

*Pontevedra, 07 de decembro de 2013. GRUPO MUNICIPAL DO CONCELLO DE Moaña*

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete concelleiros que compoñen a Corporación, acorda:

*Elaborar un informe xurídico sobre a situación en que quedan as competencias municipais na materia no proxecto de Lei xeral de telecomunicacións,*

*Iniciar unha campaña informativa sobre as consecuencias que tería na cidadanía do concello a aprobación do proxecto de Lei xeral de telecomunicacións para os seus intereses, o exercicio dos seus dereitos e a protección da saúde.*

Impulsar unha campaña de concienciación dentro da Axenda 21 escolar polo uso moderado e racional de teléfonos móbiles entre as nenas e nenos, na uña proposta pola Asemblea Parlamentar do Consello de Europa, alertando dos riscos específicos do uso precoz, indiscriminado, prolongado e inadecuado dos teléfonos móbiles e doutros dispositivos emisores de microondas.

## **8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DE CRITERIOS NO PAGO DAS TAXAS E IMPOSTOS**

➤ Intervén dona Marta Freire, quen indica que o pasado día 26 de decembro presentouse unha moción para que as familias tivesen unha dedución dos impostos e taxas, e conseguimos o apoio unánime de todos os grupos. Pero ningún técnico municipal coñece o contido. Agora vólvese traer ao Pleno, xa que é unha cuestión que inflúe nas familias de Moaña. Dá lectura a continuación da moción, que literalmente di:

### **MOCIÓN PARA A MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS NO PAGO DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS PARA AS FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN**

*O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Moaña, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación a seguinte moción:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Unha das principais consecuencias da crise económica que estarnos padecendo no noso país, é o elevado e interminable aumento das cifras de desemprego, que están alcanzando niveis nunca vistos.*

*O desemprego segue crescendo en España e marca un novo rexistro histórico ao superar o 25% da poboación activa, mais de 5,7 millóns de persoas, segundo datos publicados recentemente polo Instituto Nacional de Estatística (INE).*

*O noso concello non é alleo a esta lamentable circunstancia. Os datos do desemprego en Moaña sitúase en 2399 persoas. Cada vez son mais os veciños e veciñas que non reciben ningún tipo de prestación, e incluso son bastantes os núcleos familiares que contan con todos os seus membros en paro.*

*O PSdeG-PSOE de Moaña é consciente que soamente coa actuación municipal non se pode acabar co desemprego e alcanzar a tódolos cidadáns que o necesitan. Pero, igualmente, consideramos que si se pode contribuír a paliar en parte a situación de aquelas familias que se atopan en peor situación económica por mor do desemprego.*

*Os cidadáns demandan dos poderes públicos, cada vez con maior intensidade, políticas activas que diminúan o seu sufrimento. Entendemos que este tipo de actuacións terían que ser prioritarias na axenda política do goberno local e así reflectirse nos orzamentos para 2013.*

*Co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos moañeses/as que se atopan nunha situación complicada pola falta de recursos económicos, o grupo municipal socialista presenta para o seu debate e aprobación en pleno os seguintes acordos:*

1- *Instar ao goberno local á aplicación da exención do pago de impostos e taxas municipais a aquelas familias que con tódolos seus membros en paro non perciben ningún tipo de prestación, como medida paliativa para aliviar na medida do posible a súa situación.*

2- *Instar ao goberno local a aplicación dunha dedución do 50% no pago dos impostos e taxas municipais a aquelas familias cuxa renda total da unidade familiar dividido entre o número de membros de dita unidade sexa igual ou inferior ao 75% do Salario Mínimo Interprofesional. (O Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para 2012 é de 641,40 euros/mes e o 75%, 481,05 euros.)*

3- *Instar ao goberno local á posta en marcha dun Plan de Emprego Local dirixido principalmente aos desempregados.*

*En Moaña a 26 de novembro de 2012. Marta Freire Riobo. Concelleira do PSdeG-PSOE.*

➤ Intervén dona María del Carmen Maya quen manifesta que está pendente do informe da interventora para levala á práctica. Intentaremos dar os pasos por orde cronolóxica, apoiáremolo e procuraremos sacalos canto antes.

➤ Dona Marta Freire indica que queremos compromisos despois do tempo transcorrido, un ano. Debe darse prioridade polos efectos que pode producir.

➤ O Sr. Alcalde indica que as taxas e impostos teñen as exencións que veñen establecidas nas leis. É unha cuestión que nos preocupa a todos independentemente da ideoloxía.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete concelleiros que compoñen a Corporación, acorda:

1- Instar o Goberno local á aplicación da exención do pago de impostos e taxas municipais a aquelas familias que con todos os seus membros en paro non perciben ningún tipo de prestación, como medida paliativa para aliviar na medida do posible a súa situación.

2- Instar o Goberno local á aplicación dunha dedución do 50% no pago dos impostos e taxas municipais a aquelas familias cuxa renda total da unidade familiar dividido entre o número de membros da dita unidade sexa igual ou inferior ao 75% do salario mínimo interprofesional. (O salario mínimo interprofesional (SMI) para 2012 é de 641,40 euros/mes e o 75%, 481,05 euros).

3- Instar ao Goberno local á posta en marcha dun Plan de emprego local dirixido principalmente ás persoas desempregadas.

## **9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE SUBMINISTRO ELÉCTRICO**

Dáse conta da moción presentada coa data 20/12/2013, rexistro de entrada número 9236, polo BNG, que literalmente di:

### ***MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE SUBMINISTRO ELÉCTRICO AS PERSOAS EN DIFICULTADES ECONÓMICAS E CONXELACIÓN DE TARIFAS***

*En Gaza hai máis de 650.000 persoas que están en situación de pobreza e 120.000 en estado de pobreza severa; hai 93.000 fogares con todos os seus membros no paro -12.000 máis que o ano pasado- e existen máis de 33,000 fogares sen ningún tipo de ingresos, confirmando datos terribes de pobreza infantil que no Estado español acada a cifra de 2,2 millóns de nenos e nenas por baixo do limiar da pobreza ou que 6 de cada 10 familias chegan con maiores dificultades a fin de mes.*

*Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos ou á restrición no acceso a sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán subsidios por desemprego ou as pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos do Estado español e da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP no Estado e na Xunta de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse.*

*O goberno local non só debe garantir por medio da administración municipal e dos servizos sociais públicos o apoio as persoas que o precisaren, senón que tamén debe impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitan contribuír a garantir o benestar, a*

saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen.

*En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente o subministro eléctrico as súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, durante o ano 2012, foron 1,4 millóns de familias as que padeceron este corte no subministro.*

*Esta situación, a últimos do outono e co inverno ás portas, faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.*

*Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña estuda prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza.*

*Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as duras condicións climatolóxicas que estamos xa a padecer na entrada deste inverno, fan especialmente necesario que a Xunta de Galiza adopte medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.*

*O goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario. Así, argumenta que o prezo da electricidade non cobre os custos de produción.*

*Porén, isto é falso. A trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como “pool” eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligábase o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade, o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que, dada a existencia de tecnoloxías que producen a uns custos moi inferiores, este sistema xera uns beneficios exaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción; son os coñecidos no sector como “beneficios chovidos do ceo, sobre todo no caso de enerxías case amortizadas como a hidroeléctrica e a nuclear. Cabe, por tanto, opoñerse con absoluta rotundidade a incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas. Cómpre avogar, pois, por unha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corrixir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas,*

*Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte*

**ACORDO:** *Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:*

**1.** *Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.*

2. Demandar do Goberno do Estado español que non incremente o recibo da luz para o 2014.

3. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.  
Moaña, 19 de decembro de 2013. A Millán Otero Portavoz municipal

➤ Don Odilo Barreiro sinala que coa Lei do sector eléctrico produciuse un espectáculo bananeiro no que o ministro de Industria anula a poxa porque produciuse unha subida do 11%. Pero é un engano porque aproban a nova Lei do sector eléctrico que consolida o sistema actual. Temos a terceira luz máis cara de Europa. Dende hai cinco anos, subiu un 77%. Comparado co resto dos países da UE, as nosas tarifas son un 14% máis caras que Alemaña ou un 54% máis caras que Francia. As nosas empresas teñen un custo enerxético que triplica a empresas europeas e teñen máis marxe de beneficio que é moi superior, e nós non temos o poder adquisitivo de Alemaña. En Galicia hai unhas 120.000 persoas con pobreza severa e moitas están no paro e sen ingresos. Se non se paga, córtase a subministración. O BNG ofrece alternativas, do actual sistema, por un descentralizado e público cunha tarifa galega reducida porque somos produtores excedentarios de enerxía eléctrica. Galicia xera enerxía eléctrica e sóbrannos máis de seis mil xigavatios que van a outras partes de España. Madrid, por exemplo, é deficitaria. Nós producimos e xeramos enerxía nos nosos montes e embalses, e deberíamos ter unha tarifa galega de transporte porque producimos aquí. Queremos que se garanta a subministración de enerxía eléctrica ás familias que non a poidan pagar como ocorre en Francia a agora en Cataluña. Subiu un 2,3% agora pero o salario mínimo interprofesional non sobe. Por tal motivo, reclamamos unha tarifa galega por sermos produtores excedentarios. No accionariado das eléctricas están os bancos e aparecen personaxes ligados aos consellos de administración das eléctricas como Felipe González en FENOSA ou Aznar ou Pizarro en ENDESA ou Salgado en Iberdrola.

➤ O Sr. Alcalde sinala que se lle esqueceu un personaxe, Anxo Quintana, que está nun fondo de investimento dos muíños de vento en Brasil.

➤ Don Odilo Barreiro indica que as grandes compañías eléctricas do Estado español como Endesa, Iberdrola, Unión Fenosa, se necesitan enerxía do Brasil, rexeitarémola.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda:

Instar a Xunta de Galiza nas seguintes cuestións:

1. Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir a subministración enerxética ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.

2. Demandar do Goberno do Estado español que non incremente o recibo da luz para o 2014.

3. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

## **10º.- MOCIÓN DA PLATAFORMA POLA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE MOAÑA SOBRE CENTRO DE SAÚDE DE SISALDE**

Dáse conta da moción presentada pola Plataforma Defensa da Sanidade Pública de Moaña, da data 21/12/2013, rexistro de entrada número 9253, que literalmente di:

*PLATAFORMA DEFENSA SANIDADE PUBLICA DE MOAÑA*

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MOAÑA

MARUXA BOUBETA PENA, provista co DNI. 35897654, con domicilio en Rúa Ramón Cabanillas, 134-2º de Moaña, en nome e representación da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de MOAÑA, ao Pleno da Corporación Municipal de Moaña fai a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 1999 celebrábase a asemblea constituínte da Plataforma Defensa da Sanidade Pública de Moaña con tres obxectivos concretos:

- 1.-O novo Centro de Saúde.
- 2.- A piscina municipal,
- 3.- Completar os servizos sanitarios como fisioterapia, odontoloxía, pediatra polos tardes, etc.

Quince anos despois vemos como a piscina é unha realidade, así como a ambulancia medicalizada ou os servizos de fisioterapia e odontoloxía, Pero as instalacións do PAC na Casa do Mar seguen sen melloras substanciais a pesares da instalación do ascensor ou a eliminación de barreiras arquitectónicas ou a oportunidade de ampliar espazos coa reubicación dos servizos do ISM.

Cúmprense cinco anos desde o pleno extraordinario sobre sanidade no que foi aprobada por unanimidade a moción da Plataforma, presentada polo PP e INMO, que, entre outros, acordaba:

Punto 1º Poñer a disposición do Sergas cao máxima urxencia os terreas para, a construción do Centro de Saúde,punto 6º. Xestionar co Sergas a disposición de locais do ISM e Vicepresidencia para uso sanitario.

E tamén van transcorridos 29 meses dende aquel 5 de xullo de 2011 no que o Alcalde nos presentaba un informe oficial para a disposición dos terreas de Sixalde, unha vez aprobado o PXOM nos mesmas datas, que concluía coa estimación dun tempo de 29 meses para contar cos solares con capacidade para ser construídos, computando os prazos de redacción e informes en condicións usuais...

Ao día de hoxe non temos constancia de que tora dado, tan sequera, o primeiro paso necesario: a constitución da Xunta de Compensación.

A Plataforma participou no Comisión de Seguimento ata de setembro do 2012, cando a abandonou consciente de estar a ser utilizada politicamente e servía de pretexto para sacar periodicamente unha foto e dar a impresión de estar a traballar no asunto sen avanzar en absoluto.

O resultado final danos a razón. Rematado o prazo fixado polos propios técnicos do Concello para todo o proceso (29 meses), non se deu cumprido o primeiro e previo que, segundo o devandito informe, é de DOUS MESES: UN MES para a constitución da Xunta de Compensación e outro para a Incorporación do resto dos propietarios.

Moaña é, seguramente, a única poboación de 20.000 habitantes no provincia sen Centro de Saúde e no comarca o debate é sobre o segundo centro de saúde de Cangas no Hío. A Casa do Mar ten espazos e instalacións absolutamente insuficientes e obsoletos, o servizo de odontoloxía e fisioterapia está en locais alugados, e ternos 5.000 m2, mercados cos cartos dos moañeses, dispoñibles para infraestrutura sanitaria no polígono 11, Sixalde, de solo urbano non consolidado con ficha propia dentro do tomo de normativa do PXOM aprobado, no que se recollen superficies, aproveitamentos e tramitación do solo.

Ante esta situación a Plataforma polo Defensa da Sanidade Pública de Moaña propón aos grupos políticos que compoñen a Corporación, unha moción cos seguintes acordos:

- 1º,- Promover con carácter urxente a constitución da Xunta de Compensación de Sixalde.
- 2º-Ordenar ao Arquitecto contratado ao efecto a elaboración de estatutos, proxecto de equidistribución e urbanización así como o Plan Especial correspondente.
- 3º.- Xestionar ante a Xunta de Galicia os orzamentos anuais e plurianuais paro a redacción do

*proxecto e a licitación da obra.*

*En Moaña, a dezaioito de decembro de dous mil trece,*

➤ Intervén don Francisco Ferreira quen fai referencia aos terreos do futuro Centro de Saúde. Pregunta se está constituída a Xunta de Compensación e se se fixeron xestións ante a Xunta de Galicia, xa que non hai respostas. Considera que depende do Sr. Alcalde poñer os terreos a disposición da consellería. Hoxe cúmprense vinte e nove meses, e non se deu o primeiro paso. Moaña é un Concello de vinte mil habitantes que non ten centro de saúde en condicións. Trátase de que o Alcalde diga por que non se deu cumprimento aos compromisos adquiridos e se desenvolva o plan.

➤ Intervén dona María Martínez, quen indica que este tema coincide cunha moción do BNG, de decembro de 2012, sobre a Xunta de Compensación do Polígono Sisalde, no que se constituía unha xunta de compensación. Comprometéronse a cumprir iso e non se deron os pasos. Buscábamos que, ademais de aprobar a moción, se cumprisen os acordos. Esperamos que o compromiso sexa en serio. Vostede dixo que no Nadal non era boa época.

➤ Intervén dona Susana Varela e indica que apoia a moción pero aclara que a posta a disposición dos terreos vén de fins de 2006 e nós demos máis pasos que vostedes que ata o 2007 no se aprobou. Sobre a xunta de compensación, só asinou un propietario, o resto estaban afectados polas preferentes. Destaca que si se fixo algo, aínda que sabe que é insuficiente, pero os veciños están afectados polas preferentes.

➤ Don Xosé Manuel Millán indica que vostede ten empeño en falar comigo. En dous anos e medio vostedes non moveron un papel, levan vinte e nove meses e non o arranxaron.

➤ Dona Susana Varela replica que temos feito máis que vostedes en oito anos.

➤ Don Xosé Manuel Millán sinala que os papeis falan.

➤ Dona Susana Varela replica que non me interrompa.

➤ Don Xosé Manuel Millán sinala que aínda non nos ensinaron un papel en vinte e nove meses, e nin en vinte e nove anos o van facer, por unha razón, porque non cren niso. Moaña queda para máis adiante e teñen prioridade outros concellos pola consellería como Meis, O Rosal... Compráronse 6500 m<sup>2</sup> de terreo. Intentou levarse a cabo o desenvolvemento urbanístico e incluíuse no plan xeral e poden ser desenvolvidos 11.000 m<sup>2</sup> e conseguíuse o compromiso da Xunta e adaptouse a normativa urbanística. Agora son os das preferentes, e non sei en qué lles vai afectar. Con dous propietarios máis pode impoñer a xunta de compensación e pagarán o que deban ou ben reducirán solo.

➤ Dona Susana Varela indica “hipócrita e mentiroso”. Vostedes asinaron un compromiso. Os terreos que vostede di que comprou, “que mierda compraste” era zona verde. “Que cojones”. Falou vostede durante oito anos, e non se podía desenvolver. Sodes uns hipócritas.

➤ Don Xosé Manuel Millán sinala que é vostede unha ignorante. Ten que ter en conta as condicións urbanísticas no 2006. Esa zona verde participa na edificabilidade. Interésalle pouco e vostede non se preocupa de desenvolver isto. É unha comedia. Indígname a súa ignorancia.

➤ Dona Susana Varela replica: Hipócrita. “Que cojones”.

➤ Dona Marta Freire indica que apoia a moción e pide que se rectifiquen as expresións que descualifican a un Goberno enteiro. Adquiríronse os terreos e vostedes en dous anos tamén teñen moita prensa e dixeron que desbloquearían Sisalde. Vostedes deron varios titulares de prensa pero trámites ningúnns. Nestes dous anos vostedes tamén teñen hemeroteca. Pide que se aclare o proxecto de compensación. Fai un mes díxoo Berta Pérez, que se está rematando a Xunta de Compensación.

➤ Intervén entre o público Francisco Ferreira e manifesta que a plataforma reivindicou o Centro de



Saúde dende 1999 e pide responsabilidades agora. Díxosenos en xullo de 2011 que en 29 meses xa estaría e agora acabouse o prazo. E pedimos o compromiso hoxe, e sospeito que se vai aprobar por unanimidade. Díxosenos que era mellor chegar a un acordo cos veciños pero agora dinnos que son as preferentes. Pide que se asuman responsabilidades. Pide o apoio unánime de todos.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda:

- 1º,- Promover con carácter urgente a constitución da Xunta de Compensación de Sisalde.
- 2º- Ordenar ao arquitecto contratado para o efecto a elaboración de estatutos, proxecto de equidistribución e urbanización así como o plan especial correspondente.
- 3º.- Xestionar ante a Xunta de Galicia os orzamentos anuais e plurianuais para a redacción do proxecto e a licitación da obra.

Concluído este punto da orde do día, e previo á quenda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde somete á consideración do Pleno, por razón de urgencia, en virtude do previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), o debate da seguinte proposta.

### **NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA XUNTA DE GOBERNO DA MANCOMUNIDADE DO MORRAZO**

Sometido o debate da proposta a votación, o Pleno do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete concelleiros que compoñen a Corporación, acorda debater a citada proposta.

O Sr. Alcalde informa dos escritos presentados polos distintos grupos políticos nos que designan os representantes da Corporación na Xunta de Goberno da Mancomunidade. Coa data 20/12/2013, rexistro de entrada número 9237, o Grupo do BNG presentou relación de representantes nos distintos órganos municipais. Coa data 27/12/2013, rexistro de entrada número 9354, o Grupo do PSG-PSOE presentou escrito de modificación dos representantes na Xunta de Goberno da Mancomunidade do Morrazo. Coa data 27/12/2013, rexistro de entrada número 9355, o PP presentou escrito sobre adscricións de membros do seu grupo.

O artigo 6.1 e 6.2 dos Estatutos da Mancomunidade sinala que a Xunta de Goberno da Mancomunidade está composta por un número legal de 16 vogais, con representación de tres concelleiros e o alcalde de cada un dos concellos. Os vogais representantes de cada concello serán designados polos plenos de entre os seus membros.

Procede, por tanto, logo dos acordos adoptados por esta Corporación na sesións da data 30/06/2011 e 27/10/2011, e dos escritos presentados polos distintos grupos da Corporación, modificar a designación dos membros da Xunta de Goberno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda:

1.- Designar como representantes, titulares e suplentes, do Concello de Moaña na Xunta de Goberno da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, ademais do Sr. Alcalde-Presidente que é membro en virtude do previsto no artigo 6 dos Estatutos da Mancomunidade, os seguintes membros:

En representación do **BNG**: Titular: dona María Beatríz Riobó Riobó  
Suplente: dona Aracelil Gestido Rodríguez

En representación do **PSG-PSOE**: Titular: dona Marta Freire Riobó  
Suplente: dona María Dolores Miranda Costas

En representación do **PP**:

Titular: dona Rosa M. Solla Veiga

Suplente: dona Susana Varela Santiago

2.- Trasladar o presente acordo á Mancomunidade de Concellos do Morrazo.

Concluído este punto da orde do día, e previo o quenda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, en virtude do previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), o debate da seguinte proposta.

### **SUPRESIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PROPOSTA DE DEDICACIÓNS PARCIAIS**

O Sr. Alcalde indica que se propón unha redistribución das dedicacións exclusiva, convertendo a dedicación exclusiva existente en dúas dedicacións parciais a favor da delegación de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas e Medio Ambiente e Mar, e a delegación de Facenda, Persoal e Réxime Interior e Emprego, sen que iso supoña, continuando coa política de contención do gasto, un incremento económico para o Concello.

Intervén don Xosé Manuel Millán, quen indica que se debería explicar a causa. Non sabemos se Susana merece a media dedicación ou Rosa merece a parcial.

O Sr. Alcalde indica que a causa é por motivos laborais.

Sometido o debate da proposta a votación, o Pleno do Concello de Moaña, por nove votos a en contra, os do BNG e PSG-PSOE, e oito votos a favor, acorda **rexear** a urxencia da proposta e non debatela.

### **11º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Don Francisco Ferreira pregunta se entrou en vigor a modificación do regulamento de participación veciñal.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 21.52 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE  
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Ferverza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García